



PORTADA | CULTURA

ESTE MÉRCORES ÁS 20.30 HORAS

## Estrea mundial de 'Tanyaradzwa', de Alberte Pagán

**Redacción.** O Cineclube de Compostela pecha a súa programación anual coa estrea absoluta do último filme do cineasta galego Alberte Pagán. El mesmo estará presente na proxección para presentar e debater sobre 'Tanyaradzwa'.

23.06.2009 | 09:13

TAGS: ALBERTE PAGÁN , CINECLUBE DE COMPOSTELA , ESTREAS CINEMATOGRÁFICAS , DOCUMENTAL ,



Fotograma de 'Tanyaradzwa', de Alberte Pagán (estrea absoluta no Cineclube)

Para axeitarse ao formato e duración do filme (de 6 horas de duración, as súas dúas metades proxectaranse simultaneamente en dúas pantallas, polo que a proxección durará perto de tres horas), e favorecer que quede tempo para o coloquio co director, o Cineclube modifica o seu horario habitual, e a última proxección do curso será ás 20.30. O lugar da proxección seguirá sendo o habitual: no Centro Social O Pichel (Santa Clara, 21).

*Tanyaradzwa* é un documental experimental independente, "un retrato a medio camiño entre un *screen test* de Andy Warhol e un busto pariante confesional", explican no Cineclube, que

aborda a vida, as opinións e as circunstancias (en sentido orteguiano) da muller retratada, mentres esta realiza unha narración oral, que percibimos exclusivamente a través dos ouvidos, e non dos ollos: "córrese o perigo de que o poder da palabra converta todo o filme nun testemuño global, e eis o desafío: cómo producir imaxes que sexan válidas por si mesmas, sen o apoio da palabra, cómo escapar á ditadura do discurso, quer dicir, á narración".

Por iso Pagán recorre conscientemente a planos longos e fixos, apostando por outro xeito de producir imaxe. De feito, a proxección realízase co filme dividido en dúas metades, proxectadas de xeito simultáneo en senllas pantallas, ao xeito da proxección orixinaria de *Chelsea Girls*, de Warhol. A proxección dupla estimula a contraposición entre as dúas partes de que consta o filme: unha que filma a vida rural dunha aldea de Cimbabue, a través da muller que lle dá nome ao documental e outra que reflicte o mundo urbano de Harare e os conflitos que se estaban a producir a comezos do 2007.

### Outro xeito de imaxe: a ollada activa

Alberte Pagán, que estará presente na proxección para participar dun debate co público, é un cineasta galego, e colabora de cando en vez na sección de crítica *A Nosa Terra*. É habitual colaborador do Cineclube de Compostela, ao que acudiu a presentar filmes propios (*Bs. As.*, *Po de estrelas*, *Como foi o conto*, *Conversas em Zapatera*, *Os Waslala*) ou pezas alleas da tradición experimental do cinema. Pagán estudou en profundidade a obra de Warhol, moi influente na súa propia filmografía, e é autor do libro *A mirada impasíbel. As películas de Andy Warhol* (Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2007).

Alberte Pagán acadou nos últimos tempos certa repercusión despois de anos de realizar en silencio varias obras descoñecidas de experimentación e afianzamento no medio audiovisual. "El foi quen de (re) activar no noso país a corrente audiovisual, a do cinema experimental, que foxe dos visionados amábeis e compracentes e procura a reflexión visual do espectador", din no Cineclube. "Un cinema-ensaio nacido da experimentación da vangarda de entreguerras e da tecnoloxía dixital de comezos do século XXI, co que se queren deixar patentes as condicións e natureza do medio".

O filme vai ser proxectado na súa versión orixinal. A entrada é de balde, aínda que se pode adquirir un bono axuda para colaborar economicamente co Cineclube, a 1 euro. Mais a actividade do Cineclube non remata aquí, aínda seguirá coa tradicional festa de aniversario, que se realizará o 4 de xullo. E despois do descanso estival, volverá no outono cunha nova programación.